



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso
administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2022/G010/000003
Sesión núm. 03/2022-Pleno

DECRETO DA ALCALDÍA DA CONVOCATORIA DO PLENO

De conformidade co establecido no artigo 46, apartados 2 e 3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 78 e 80 do real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en con observancia das medidas sanitarias en vigor debido ao SARS-CoV-2,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar sesión do Pleno do Concello nas data e hora que se indican en primeira convocatoria, e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria coa seguinte orde do día:

Sesión de: Pleno	Data da sesión: 24 de febreiro do 2022
Convocatoria: Ordinaria	Hora: 20.00
	Lugar: Salón dos Plenos da Casa do Concello

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación das actas (sesións núms. 01 e 02/2022).
- 2º.- Modificación de crédito 03/22, crédito extraordinario 01/22.
- 3º.- Recoñecemento extraxudicial de créditos 1P/2022.
- 4º.- Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial augas de Galicia e o concello de Sada para a mellora do funcionamento hidráulico do río Maior, no núcleo urbano de Sada.
- 5º.- Modificación da Relación de Postos de Trballo por execución de sentenzas TSXG, adopción de medidas de redución da temporalidade do emprego público e creación de novos postos.
- 6º.- Orzamento municipal para o exercicio 2022.
- 7º.- Corrección de erros do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Sada.
- 8º.- Control da actividade dos restantes órganos da Corporación.
 - A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 24 de xaneiro (núm. 75) ata o 18 de febreiro do 2022 (núm. 212).
 - B. Mocións.
 - C. Rogos e preguntas.

SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución aos sres. concelleiros membros do órgano Colexiado, advertíndolles de que, conforme co disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar con antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO: Que se poña a disposición dos concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día que deban servir de base para o debate e, de ser o caso, votación, na Secretaría do Concello, aparte da súa posta a disposición a través da sede electrónica municipal ou da súa remisión por medios dixitais.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e pola secretaria do Concello, María del Carmen Seoane Bouzas, o 21 de febreiro do 2022.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).